

MEMORIA XUSTIFICATIVA SOBRE A NECESIDADE E IDONEIDADE DO PLAN DIRECTOR DA INDUSTRIA DA CONSTRUCIÓN

1. INTRODUCCIÓN

A actividade industrial é unha fonte de riqueza e emprego, que constitúe a base produtiva do crecemento económico; ademais, ten un efecto tractor e multiplicador sobre o resto dos sectores produtivos.

Unha industria forte resulta clave para aumentar a produtividade, e a súa expansión conleva o impulso da innovación tecnolóxica, unha mellor capacidade exportadora e un avance dos procesos de xestión e fabricación.

Actualmente o sector industrial estase a enfrontar a múltiples desafíos nun camiño de modernización e dinamización sen precedentes e dentro dun contexto de transformación verde e dixital. Unha industria sólida e diversificada debe fomentar a competitividade e, ao mesmo tempo, a industrialización debe ser sustentable, tendo en conta o uso eficiente dos recursos, a redución das emisións de carbono e a adopción de prácticas responsables co medio ambiente. Deste xeito, a descarbonización da industria, a transición enerxética e a dixitalización son os vectores claves que marcan este proceso transformador.

Tendo en conta estes novos condicionantes, as actividades industriais precisan reinventarse constantemente e investir en novos desenvolvementos de produtos, en novas liñas de negocio e en novos mercados. Esta transformación constante exige ir adoptando decisións estratéxicas transcendentais que faciliten o posicionamento empresarial, co fin de propiciar unha mellor capacidade de adaptación da nosa industria aos novos requirimentos produtivos. Ademais, o éxito deste cambio debe ir acompañado dun entorno industrial facilitador e da necesaria cualificación do capital humano.

2. MARCO NORMATIVO

A Xunta de Galicia considera fundamental desenvolver unha estratexia de política industrial dirixida a facilitar o proceso de transformación das industrias galegas, así como a impulsar as oportunidades para esta comunidade autónoma asociadas á evolución tecnolóxica e aos novos sectores produtivos, co obxectivo último de impulsar a actividade industrial en Galicia, incrementar a competitividade da industria galega e xerar emprego de calidade.



Con este fin, a lei 10/2023, do 28 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, introduciu unha serie de modificacións no Texto refundido das disposicións legais da comunidade Autónoma de Galicia en materia de política industrial, aprobado polo Decreto legislativo 1/2015, de 12 de febreiro. Concretamente, dentro da materia de planificación da política industrial, introduce novos instrumentos estratéxicos a desenvolver: **os plans directores dos distintos sectores industriais da Comunidade Autónoma de Galicia.**

O artigo 61.1 do antedito texto refundido define os plans directores como instrumentos de carácter estratéxico, que teñen como fin potenciar o desenvolvemento da actividade industrial no sector concreto que corresponda, a través da definición das medidas necesarias para o seu impulso, de cara a avanzar no fortalecemento en todo o sector industrial da comunidade Autónoma de Galicia e na conseguinte creación e mantemento de emprego industrial.

O artigo 62.1 indica que, mediante acordo do Consello da Xunta de Galicia, e a proposta xustificada da persoa titular da consellería con competencias en materia de industria, determinaranse os sectores industriais que se consideran estratéxicos aos efectos da elaboración dos plans directores previstos con competencias en materia de industria. Porén, no caso dos sectores industriais que afecten a competencias de varias consellerías da Xunta de Galicia, a proposta de acordo realizarase de forma conxunta pola persoa titular da consellería con competencias en materia de industria e pola persoa ou persoas titulares do resto de consellerías afectadas.

A determinación dos sectores industriais estratéxicos para Galicia poderá realizarse de forma conxunta, agrupando varios sectores, ou de forma paulatina, de acordo coas prioridades que se establezan e que se fundamentarán, entre outras variables, na situación do sector industrial e na súa capacidade de crecemento e xeración de emprego.

Como instrumento complementario das anteditas actuacións, recóllese tamén a elaboración do mapa industrial (artigo 63) que incluírá a información sobre a implantación actual dos distintos sectores a nivel territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, co fin de fomentar as sinerxías entre as distintas actividades industriais.

O artigo 65 detalla o procedemento de elaboración e aprobación dos plans directores dos distintos sectores industriais e, concretamente, o punto 3 deste artigo sinala que, con carácter previo á elaboración do anteproxecto, levarase a cabo unha consulta pública a través do Portal de transparencia e Goberno aberto, por un mínimo de 15 días naturais co obxecto de solicitar a opinión da cidadanía e das organizacións e asociacións máis representativas potencialmente afectadas polo futuro plan.



3. INDUSTRIA DA CONSTRUCIÓN

A cadea de valor da construción desempeña un papel crucial na economía de Galicia, actuando como motor de emprego e contribuíndo ao desenvolvemento económico rexional.

As actividades económicas que a integran inclúen tanto CNAEs estritamente industriais como CNAES específicas do sector da construción, así como algunhas outras vinculadas a actividades de comercio, servizos de arquitectura e enxeñaría, e aluguer de maquinaria.

Segundo datos do Clúster da Construción de Galicia a decembro do 2024, a totalidade desta cadea de valor rexistraría un total de 12.720 empresas e 132.959 persoas traballadoras. O sector da construción (CNAE 41, 42 e 43), aglutinaría o 70% do número de empresas e, no que respecta ás persoas afiliadas, comprendería o 55% do réxime xeral e o 77% do réxime autónomo.

Centrándonos na industria da construción, habería que enumerar unha serie de actividades relevantes como a manipulación da pedra, o granito, o metal, os tratamentos de fachadas e cubertas, a cerámica, a loxa, a madeira o aluminio e o formigón.

En termos de CNAE habería que citar a 23 "Fabricación doutros produtos minerais non metálicos" que estaría integrada na súa totalidade, pero tamén outras CNAES integradas parcialmente:

- 08 "Outras industrias extractivas" (*extracción de pedra ornamental e para a construción, extracción de gravas e areas,...*)
- 16 "Industria da madeira e a cortiza, agás mobles", CNAE integrado no Plan director do sector forestal-madeira, pero que conta con subactividades de clara vinculación con esta industria (*fabricación de chapas, solos de madeira, e outras estruturas de madeira para a construción*).
- 22 "Fabricación de produtos de caucho e plásticos" (*fabricación de produtos plásticos para a construción*)
- Outras actividades do sector metal, como CNAE 24 "Metalurxia e fabricación de produtos de ferro, aceiro e alleacións" (*fabricación de produtos de ferro, fabricación de tubos e produción de aluminio*); e a CNAE 25 (*fabricación de estruturas e carpintería metálica*).
- 38 "Recollida, tratamento e eliminación de residuos"
- 39 "Actividades de descontaminación e outros servizos de xestión de residuos"



Segundo recolle o plan estratéxico do Clúster da Construción, esta industria suporía o 5,7% do PIB de Galicia (datos IGE 2023).

Neste contexto, resulta fundamental optimizar o potencial da Comunidade Autónoma de Galicia para xerar sistemas de colaboración entre os distintos axentes integrantes da industria da construción, para promover sistemas de colaboración que permitan superar os desafíos do sector e aproveitar as tendencias transformadoras que o afectan neste momento.

4. DETERMINACIÓN DO CARÁCTER ESTRATÉXICO DA INDUSTRIA DA CONSTRUCCIÓN

Segundo o exposto nesta memoria, e como resultado das análises realizadas en base ás fontes de información utilizadas no mapa industrial de Galicia e co ánimo de completar a relación de actividades industriais relevantes na nosa Comunidade, as persoas titulares da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas e da Consellería de Economía e Industria, propuxeron un proxecto de acordo ao Consello da Xunta de Galicia para declarar o sector da industria da construción como estratéxico, para os efectos da elaboración do seu plan director.

Nesta proposta tívose en conta a necesidade e idoneidade da elaboración dun plan director neste sector, co fin de dispoñer dun instrumento de carácter estratéxico que permita potenciar o desenvolvemento da súa actividade industrial.

A declaración como sector estratéxico da industria da construción acordouse por parte do Consello da Xunta o pasado 17 de febreiro de 2025.

Santiago de Compostela, asinado dixitalmente

O secretario xeral de Industria
e Desenvolvemento Enerxético

Nicolás Vázquez Iglesias

O secretario xeral de Vivenda
e Urbanismo

Heriberto García Porto

